

Noticia de Anne Marie Morris*

Soledad Fox Maura

O feito de que unha persoa vaia a un país e se namore del, da súa lingua, das súas tradicións, da súa paisaxe, da súa xente e que o adopte como a súa segunda patria é algo que ocorre moi a miúdo. O feito de que alguén se namore intensamente dun país dende lonxe sen que endexamais estivera nel xa é máis sorprendente**. Pero que esa persoa publicase a súa única obra poética na lingua dese país e co espírito dun pobo que só coñeceu dende lonxe é un feito case insólito. Este é o caso da relación entre a poetisa Anne Marie Morris e Galicia.

O seu libro *Voz fuxitiva* publicouse en Vigo no 1964. Esta colección de poemas intimistas chama a atención, entre outras cousas, polo que Ernesto Guerra da Cal describe no limiar do libro como o talento de percibir o que non se ve. En moitos dos poemas é como se a poetisa escribise dende unha posición privilexiada no mundo, como se tivese un sexto sentido que lle facilitase unha relación íntima co abstracto, co emotivo, coa natureza. Tamén chama a atención o manexo do idioma, o feito de que case non se sinta a distancia nin o forzado dalguén que non está escribindo na súa lingua de instalación.

Anne Marie Morris ten agora setenta e sete anos, pero hai xa case trinta dende a publicación de *Voz fuxitiva* e dende que á penas non deu sinais de vida no mundo literario galego. E dar noticia dela era o principal obxectivo da proposta de investigación que aceptei de Claudio Rodríguez Fer, profesor meu no Centro Graduado da Universidade da Cidade de New York. En Galicia perdérase había tempo o contacto con ela e Xosé Rubia Barcia, residente en California e moi relacionado coa escritora cando se publicou o libro, non sabía nada dela dende había vinte anos. Cando, despois de numerosas dificultades, por fin a atopei vivindo retirada en Gresham, Oregón, comprobéi que se trataba dunha muller aberta, chea de enerxía, cun gran sentido do humor e posuidora desa elocuencia propia das persoas que senten unha gran paixón polas actividades á que se dedicaron.

(*) Traducción de Mónica López Souto

(**) Anne Marie Morris xa puido coñecer Galicia gracias ó I Congreso de Poetas Alófonos en lingua galega, celebrado en Santiago de Compostela do 14 ó 17 de abril de 1993.

Naceu o 30 de maio de 1916 en Evanston, Illinois, e pasou a súa nenez no suburbio de Wilmette, onde estudou no colexio privado New Triar. Rematou os estudos secundarios con dezaseis anos e casou ós dezasete. No 1935 naceu a súa filla e ó ano seguinte tivo un fillo. Nesta época adicouse a criar os seus nenos e a gañarse a vida abrindo unha tenda de artesanía. No ano 1950 trasladouse a California, sendo alí onde comezou de novo a estudar, xa que antes non llo permitira a súa situación económica.

Como na escola xa cursara español e latín, decidiu matricularse no Valley College, onde estudou arte e español co profesor Arthur Avila. Ó pouco tempo, cambiouse para a Universidade de California en Los Angeles, onde tivo como profesor de español ó profesor Marion Zeitlin. Como, na opinión deste profesor, ía de máis avanzada para asistir á súa clase, asignoulle lecturas de Unamuno, Baroja e Valle-Inclán para o tempo da súa hora lectiva, que foi na que descubriu Galicia.

En efecto, Anne Marie Morris quedou moi intrigada polas cántigas galegas que Valle-Inclán intercalaba na súa obra e intentou comprendelas baseándose nos seus coñecementos de portugués, español e latín. Deste xeito comezou a súa relación co galego, segundo ela, e non co descubrimento dos cancioneros, como escribiu Ernesto Guerra da Cal no seu prólogo. Fixo, pois, unha aprendizaxe intuitiva e agora pensa que cando se coñece así unha lingua, esta convértese en parte dunha mesma. A partir deste momento empezou a coleccionar antigos cancioneros en portugués e en galego e descubriu a poetas contemporáneos, como Manuel Curros Enríquez, a quen logo chegará a traducir ó inglés.

Seguidamente, apuntouse a unha clase de portugués con George Zentz, con quen leu por primeira vez a Rosalía de Castro. Deseguida mercou tódolos libros que puido desta autora e pediu a Galicia os que non atopou nos Estados Unidos. O que máis lle gustaba da poesía de Rosalía era o movemento e o ritmo da lingua galega, o seu uso das asonantes e o seu ton directo e vocal. Os poemas rosalianos que mais lle impresionaron foron os de carácter intimista e non deixou tampouco de identificarse con Rosalía como muller.

Pero poida que a persoa máis decisiva no seu desenvolvemento como poetisa fose Xosé Rubia Barcia. Anne Marie Morris apuntouse á súa clase na Universidade de California en Los Angeles porque soubo que era de Galicia e, como daquela xa lle entrara a paixón polo galego, o seu maior desexo era continuar o estudio deste idioma. Mesmo, nalgunha ocasión, Rubia Barcia deulle algunha clase particular adicada a Rosalía.

Ela mesma define a súa fascinación polo galego como obsesión, xa que o percibía como a lingua máis fermosa do mundo gracias a súa musicalidade e suavidade, así como, talvez, polas súas conexións célticas –o seu pai era irlandés–, xa que pensa que os seres humanos están compostos xenésicamente pola memoria dos seus devanceiros. E tal foi o seu mergullamento no español, no portugués e no galego que Zeitlin aconselloulle que estudiase co escritor americano John Espey para recobrar a desenvoltura no inglés.

e a espontaneidade, cualidades que considera entre as máis importantes da poesía, sendo precisamente as que máis lle gustan dos poemas rosalianos. Na súa clase particular con Rubia Barcia tamén escribía poesía, e foi este profesor quen, nunha viaxe que fixo a New York, mostrou os seus poemas a Ernesto Guerra da Cal, iniciando así o proceso que levaría á publicación de *Voz fuxitiva* con prólogo de dito profesor e poeta galego. Despois de organizar o material, intercalando cántigas galegas entre os seus poemas, dedicou tódalas composicións a amigos, familiares e personalidades que admiraba, como o propio Rubia Barcia ou Ramón Méndez Pidal (ó que lle enviara tres poemas e co que máis tarde mantivo correspondencia).

Na época na que escribiu a súa poesía, estaba traballando nunha tese sobre a traducción. A primeira parte da mesma trataba dos problemas da traducción baseándose na teoría de Heidegger e en exemplos das traducións de Lord Byron, coa fin de iluminar a cuestión de se se debe ser fiel ó orixinal ou se é mellor procurar unha creación nova. A segunda parte estaba composta polas súas propias traducións de Rosalía, nas que intentaba preservar sobre todo a música, a tonalidade e os esquemas rítmicos. Pero tal tese, que chegou a contar con dúas mil seiscentas páxinas, quedou sen rematar, quizais polas mesmas razóns polas que non volveu publicar poesía, xa que tivo que adicarse a impartir clases universitarias e particulares, impoñéndose o imperativo económico e as necesidades da vida cotiá sobre a creación e a investigación.

Non obstante, nos anos sesenta, á parte de *Voz fuxitiva*, publicou no xornal bonaerense *Correo de Galicia* os poemas «Canto á muller galega» e «Deixa caer luar», escribiu un poema en francés e algún en inglés, e elaborou dous artigos publicados en *Grial* (sobre «En los ecos del órgano...», de Rosalía, e «Lo fatal», de Rubén Darío, respectivamente). Desta época data tamén a súa relación epistolar con Francisco Fernández del Riego, quen, posteriormente, seleccionou poemas seus como antólogo da poesía galega. Así mesmo, respostou a unha enquisa feita por Xesús Alonso Montero que se incluíu, xa nos anos setenta, no libro *Encuesta mundial sobre la lengua y cultura gallegas y otras áreas conflictivas: Cataluña, Puerto Rico, etc...*, onde tamén apareceu o seu último poema galego publicado: «Pesadelo».

O itinerario profesoral de Anne Marie Morris, que comenzara como asistente de español na Universidade de California en Los Angeles, tivo logo continuidade no Shorter College de Rome, Georgia, onde impartiu español e italiano. E, unha vez xubilada, retirouse a Gresham, Oregon, onde hoxe mora.

Aínda que nunca estivo en Galicia, Anne Marie Morris di que tivo como soño recorrente que estaba nela, á beira dun río rodeado de herba moi verde, buscando a súa casa. E pese a que sería moi conmovedor que chegase a coñecer o país co que mantivo tan intensa relación anímica e literaria, non parece –dende a súa casa de campo en Oregón, un estado moi verde onde chove moi a miúdo– revelar ansias nin inquietudes de non ter pisado a terra galega, acaso porque, dalgunha maneira, estivo en Galicia, na súa Galicia, hai moito tempo.

Soledad Fox Maura
Graduate Center
City University
New York

BIBLIOGRAFÍA DE ANNE-MARIE MORRIS

Voz fuxitiva, con presentación de Ernesto Guerra da Cal. Vigo: Edicións Galaxia, 1964.

«Análisis de ‘En los ecos del órgano’», *Grial*, 6, Vigo. 1964.

«‘Lo Fatal’ de Rubén Darío», *Grial* 14, Vigo 1966.

«Canto á muller galega» (poema), *Correo de Galicia*, Buenos Aires 15-IX-68.

«Deixa caer luar» (poema), *Correo de Galicia*, Buenos Aires, Maio, 1969.

«Pesadelo» (poema) e resposta á *Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas y otras áreas conflictivas: Cataluña, Puerto Rico, etc...*, de Xesús Alonso Montero, Madrid: Akal Editor, Colección Arealonga, 1974.